

## ***Desvíos nas liñas 5, 12, C2 e C4 có inicio da nova fase nas obras da rotonda de Conxo (a partir das 10:30 do luns 5 de outubro de 2015)***

A partir das 10:30 do luns 5 de outubro e por tempo indefinido, as liñas 5, 12, C2 e C4 do transporte urbano realizarán os desvíos que se indican de seguido.

**A parada número 85, avda. de Ferrol (praza da Mercé), queda suprimida para as liñas que pasan por ela (5, 12 e C4).**

- ***Liña 5:***

Sentido Vite – Rocha: continuará a desviarse como na actualidade, despois da rúa Sánchez Freire irá pola SC-20 en dirección sur ata Rocha e Rocha Vella, segundo lle corresponda por horario.

Sentido Rocha – Vite: itinerario habitual por Poza Real e Torrente ata a parada do psiquiátrico de Conxo (412). Na rotonda, os autobuses non poderán realizar o acceso á avda. de Ferrol a través do carto xiro de Cornes, polo que o itinerario que seguirán desde este punto todos os autobuses da liña é:

Psiquiátrico de Conxo (parada habitual), rúa Ramón Baltar, hospital Provincial, voltará de novo por Campo de Conxo, Benéfica de Conxo, rúa dos Roláns, Ildefonso Sánchez Mera, Feliciano Barrera Fernández, avda. da Liberdade, rúa de Emilia Pardo Bazán e retomarará o seu itinerario habitual a través da rúa Xosé Pasín cara a avda. de Ferrol.

**Queda suprimida a parada 85, avda. de Ferrol (praza da Mercé).**

- ***Liñas 12 e C4:***

Realizarán o seu percorrido habitual ata o hospital Provincial, desde donde farán o mesmo desvío que a liña 5 para chegar á avenida de Ferrol:

Campo de Conxo, Benéfica de Conxo, rúa dos Roláns, Ildefonso Sánchez Mera, Feliciano Barrera Fernández, avda. da Liberdade, rúa de Emilia Pardo Bazán e retomarán o seu itinerario habitual a través da rúa Xosé Pasín cara a avda. de Ferrol.

**Queda suprimida a parada 85, avda. de Ferrol (praza da Mercé).**

- ***Liña C2:***

Realizarán o desvío que fai na actualidade despois de Sánchez Freire para acceder ao hospital Provincial (por avda. da Liberdade e rúa dos Roláns). Sen embargo, có novo corte de tráfico retomarará o seu itinerario habitual previo ás obras xa desde o hospital Provincial, indo por Campo de Conxo e Roláns cara o hospital Clínico.

Para calquera consulta acerca de horarios e percorridos das distintas liñas, teñen á súa disposición o teléfono de información do transporte urbano, con información a tempo real do estado do servizo, **901120054**.

Pregamos desculpen as molestias que estas alteracións lles podan ocasionar.